

Sei muitas cántighas pero aghora nas podo cantar. [...] Collelo ó monte e mais cargar o toxo no carro, e xa saliamos cantando desde a casa xa pa o monte, e viramos cantando, uns chamaban no carro, e outros cantando atrás. Pero aghora non se oe cantar, a xente aghora [...] entonces xa cando eran rapaces; mira, ti xa sabes os de Ramaxáns, viñan os rapaces todos de Ghindibón, e traían un caldeiro, e uns tocaban no caldeiro e outros bailaban e mais cantaban. E despois cando ibamos ás romarías, saliamos xa da casa, desde aquí, cada un desde donde estaba, e ibamos cantando, ben sabes donde está Agudí, non sabes? Saliamos cantando ben desde aquí, e ibamos cantando hasta a roada (un quilómetro, quilómetro e pico). Despois, no medio da tarde, que daquela as roadas eran pola tarde que non eran de noite, eran pola tarde, despois vamos hasta a de María, entrabamos na rolada, mozos e mozas.

Ibamos hasta a romería cantando e así que tocaban e bailaban aló polo medio da tarde, xuntábanse as mozas todas a mailos mozos. As mozas compraban, estendían así o manto para que se vira o manto no campo e teghendo o mandil iban ás rosquillas e traíns os mandiles cheos de rosquillas. Botábanse alí no manto e despois xuntábanse os mozos a mailas mozas. Os mozos compraban o viño, se cadra traían una ola de viño a según houbese. Os mozos paghaban o viño, e as mozas paghaban as rosquillas. E despois xa cando viñan os rapaces pequenos que cheghaban por alí, quedábanselle así ás rosquillas pa que as pillaran. E despois xuntabámonos todos e cantabamos todos, xuntábanse todos a cantar, e veña cantar dun lado e cantar doutro; era a xente moito mais adevertida que aghora; pero aghora, non se sinte.

[...] Porque a de alá, xuntábase co ghando, entonces dicíache cando ibas ti e dicíame a da min entonces ao final xuntaban ...(cada un no monte no seu lado).

Aos domingos xuntábanse no curral mozas e mozos e rapaces e rapazas. Todos se xuntaban a tocala pandereta. E unhas tocaban na pandereta e outras bailaban. Eu non beilaba nada, era unha rapaza, xa era moi ghrande para eso. Eu non beilaba nada. E estaba beilando, fun beilare, e larghoume; ben sabes quen é, e larghoume e empezou: “E quen é aquela que baila ali?; Ai a que estaba co do Pedro! Ai Santo Dios...!”. Nunca mais outra baila botei. Nin de romaria, nin nunca máis fun bailare. Pero cantare...era a mellor cantadora de todo Parada. Cantar cantaba como me daba a ghana. Pero beilar non beilaba nada, xa nunca fun bailar. E miña irmán Carmela, era moito bailar aquela lle daba, era a máis bailadora que había en toda Parada. Daquela bailaba dun lado para o outro. E despois nós cantábamos.